

IV EDICIÓN DO PREMIO LINGUA E EMPRESA DO CONCELLO DE AMES

BASES

Primeira. Obxectivos

A convocatoria do Premio Lingua e Empresa do Concello de Ames ten como finalidade promover o uso da lingua galega na actividade económica do Concello de Ames, concretamente na actividade empresarial, e recoñecer publicamente a contribución ao aumento e mellora do uso social do galego desde este sector.

Segunda. Destinatarios/as

Poderán optar a este premio as empresas que teñan a súa sede social ou un centro de actividade no Concello de Ames.

Terceira. Méritos que se valoran

Valorarase o uso da lingua galega na actividade empresarial en todo o que teña que ver coa comunicación externa ou relacional e coa interna ou de xestión.

En concreto, terase en conta o seguinte:

A. Comunicación externa ou relacional

- Páxina web da empresa, se a tivese.
- Redes sociais da empresa, se as tivese
- Sinalética e comunicación do establecemento empresarial
- Campañas publicitarias ou materiais promocionais en calquera soporte
- Uso habitual do galego nas súas actividades e nos seus servizos
- Atención á clientela e ao público en xeral
- Calquera outro mérito que a empresa queira salientar

B. Comunicación interna ou de xestión

- Comunicación interna co persoal ou entre os diferentes departamentos, se os houberse.
- Existencia de normas de usos lingüísticos que fomenten o uso do galego e a diversidade lingüística.
- Calquera outro mérito que a empresa queira salientar

Tamén se terá en conta o impacto que a actividade empresarial poida ter en sectores especialmente relevantes para o proceso de normalización lingüística.

Para a comprobación destes méritos, as empresas candidatas deberán indicar os enlaces de información correspondente ou achegar materiais impresos. Ademais, facilitaranlle ao Concello de Ames toda a información que se lles requira sobre os usos lingüísticos na súa comunicación externa ou interna ou sobre a veracidade dos datos achegados na candidatura.

Cuarta. Premio e categorías

O premio Lingua e Empresa do Concello de Ames terá unha dotación económica de **3.000 €**, 1.500 € en cada unha das categorías, ademais dunha **campaña de difusión** das empresas gañadoras na Radio Municipal de Ames. Se o xurado o considera oportuno, os premios poderán outorgarse *ex aequo*.

O premio divídese en dúas categorías:

A. Uso consolidado da lingua: empresas que veñen realizando un uso estable e continuado da lingua galega desde hai máis de dous anos.

B. Nova incorporación ou creación: empresas que se crearon nos últimos dous anos ou que incorporan o galego dentro dese mesmo período.

A resolución do premio publicarase o **30 de novembro de 2021** na páxina web municipal.

As empresas premiadas poderán mencionar na súa comunicación a obtención desta distinción e mesmo incluíla na súa publicidade ou papelería.

Para poder optar ao premio, as empresas premiadas deberán estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

Quinta. Prazo e forma de presentación de candidaturas

O prazo de presentación de candidaturas comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o **16 de novembro de 2021**.

As empresas poderán presentar directamente a súa candidatura ou seren propostas por calquera persoa ou entidade, xustificando, na medida do posible, os méritos cos que contén.

As candidaturas presentaranse de xeito telemático a través da sede electrónica do Concello de Ames (sede.concellodeames.gal). Tamén se poderán presentar de forma presencial ou por calquera das formas previstas na lexislación, **cubriendo unha instancia xeral e achegando o modelo-ficha habilitado para este efecto** (poderá descargarse da web municipal).

Lugares de presentación de xeito presencial no Concello de Ames:

-Oficina de Rexistro Xeral en Bertamiráns (Praza do Concello, num 2)

-Oficina de rexistro auxiliar do Milladoiro (Rúa de Abaixo, nº 10)

Horario de presentación presencial: das 9.00 ás 14.00 h, de luns a venres, **con cita previa**.

As empresas candidatas á obtención do premio, para manter esta condición, deberán acceder a facilitarlle ao Concello de Ames toda a información que se lles requira acerca dos usos lingüísticos na súa comunicación interna e externa.

Sexta. Xurado

O xurado será nomeado polo alcaldía do Concello de Ames e a súa decisión será inapelable

Sétima. Publicidade

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, mediante o extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na páxina web municipal do Concello de Ames. Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse na páxina web municipal.

Oitava. Aceptación das bases e autorización en canto á protección de datos

A presentación de candidatura ao premio por parte de empresas, empresas que teñan a súa sede social ou un centro de actividade no Concello de Ames, implica a aceptación total destas bases.

As empresas participantes na convocatoria, ao presentaren directamente a súa candidatura ou ao aceptaren a presentación por parte de terceiros/as, autorizan expresamente ao Concello de Ames ao uso da imaxe e dos datos achegados para os efectos de publicidade deste premio.

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Ames cuxa finalidade é a xestión do presente premio. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Ames.

Ames, setembro 2021